

Xuño, 2010. Reunións cos alcaldes da ruta do viño de Valdeorras

O día 24 de xuño tivo lugar unha xuntanza entre o Secretario Xeral de AGADER, Isaías Calvo de la Uz e os alcaldes dos concellos situados no ámbito territorial da D.O. de Valdeorras. Esta xuntanza celebrouse no Barco de Valdeorras, e a súa finalidade era a presentación do proxecto **Rutas do Viño de Galicia e Norte de Portugal**, cofinanciado polo Programa de Cooperación Transfronteiriza España e Portugal. Este proxecto conta entre os seus socios a AGADER, TURGALICIA, o concello de Ribadavia e a Comissão de Viticultura da Região dos Vinhos Verdes. Este proxecto ten como obxectivo principal a creación dun instrumento estable de cooperación para mellora-la competitividade da industria vitivinícola e do enoturismo, así como a valorización da identidade cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O Secretario Xeral de AGADER explicou o proxecto, os seus obxectivos, o nivel de execución do mesmo e el papel que teñen as institucións na conformación e mantemento das rutas do viño, xa que se trata dun proxecto plurisectorial e con vocación de permanencia no territorio. Pola súa parte, os asistentes mostraron o seu interese por participar, e se solicitou a presenza dos técnicos das rutas nas feiras dos viños locais.

